

D I C T A M E

**SOBRE O PROXECTO DE DECRETO
POLO QUE SE DESENVOLVE, NO RELATIVO Á**

**RENDA DE INTEGRACIÓN
SOCIAL DE GALICIA E ÁS
AXUDAS PARA SITUACIÓNS
DE EMERXENCIA SOCIAL,**

**A LEI 9/1991, DO 2 DE OUTUBRO, DE MEDI-
DAS BÁSICAS PARA A INSERCIÓN SOCIAL,
PARCIALMENTE MODIFICADA POLA LEI
1/1999, DO 5 DE FEBREIRO**



Edita: Consello Económico e Social de Galicia

Imprime:

Infografía:

Dep. legal:

1.- ANTECEDENTES

1.- En data 12 de novembro de 1999 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais, sometendo a consideración deste organismo o borrador do proxecto de *Decreto polo que se desenvolve no relativo á renda de integración social de Galicia a ás axudas para situacións de emerxencia social a Lei 9/91, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social, parcialmente modificada pola Lei 1/1999, do 5 de febreiro*, para que polo Consello se emita Dictame de natureza facultativa que defina a posición dos axentes sociais e económicos representados no Consello no intento de enriquece-lo texto normativo.

2.- O texto do borrador foi remitido, en data 15 de novembro de 1999, ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº 2, competente por razón da materia para a elaboración da proposta de Dictame correspondente, sinalando o prazo máximo dun mes para a conclusión dos seus traballos e establecendo como data da sesión de inicio do traballo o día 18 de novembro de 1999. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno, deuse conta á Comisión Permanente da entrada da solicitude de Dictame.

3.- En data 15 de novembro de 1999, o presidente do CES deu conta ó conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais da remisión da documentación recibida ó presidente da Comisión Sectorial nº 2 e o inicio dos traballos para a elaboración da proposta de Dictame.

4.- Na mesma data remítese copia da convocatoria ó director xeral de Servicios Sociais, xa que no punto 2º da orde do día da sesión da Comisión Sectorial figura a súa intervención ó obxecto de presentar as liñas directrices do proxecto de Decreto ós membros da mesma. Na sesión comparece tamén o xubdirector xeral de Acción Social.

5.- Despois de varias reunións, en data 2 de decembro de 1999, a Comisión Sectorial nº 2, reunida na sesión 9/99, acordou aprobar a súa proposta de dictame e remitiuna ó presidente do Consello para a súa tramitación.

6.- Polo procedemento de urxencia, a Comisión Sectorial acorda entregarlle ó Presidente do Consello con 48 horas de antelación á data prevista para a celebración do Pleno, o texto elaborado a efectos da súa aprobación.

7.- En data 10 de decembro, celébrase a sesión 9/99, do Pleno do CES, que acorda aprobar o seguinte Dictame.

DICTAME

Decreto polo que se desenvolve, no relativo á renda de integración social de Galicia a ás axudas para situacións de emerxencia social, a Lei 9/1991, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social, parcialmente modificada pola Lei 1/1999, do 5 de febreiro

2.- ESTRUCTURA E CONTIDO

O Proxecto de Decreto estrutúrase en 81 artigos, dúas Disposicións Adicionais, unha derogatoria e dúas finais. Acompaña como anexo os novos modelos de documentación para a tramitación dos expedientes. O articulado estrutúrase en Títulos, Capítulos e Seccións.

O Título I adícase a renda de integración social de Galicia, e o Título II as axudas para situacións de emerxencia social.

O Título I componse de nove Capítulos: o Capítulo 1º recolle as disposicións Xerais. O Capítulo 2º refírese ós beneficiarios. O capítulo 3º regula as prestacións, e subdivídese nas seguintes Seccións: primeira: das prestacións económicas; Segunda: Proxecto de inserción; Terceira: Do Fomento da Integración laboral; Cuarta: Do emprego Social Protexido; Quinta: Duración das Prestacións.

O Capítulo IV recolle as obrigas dos beneficiarios e o Capítulo V regula a tramitación, mentres o Capítulo VI refírese ó exercicio de dereitos económicos. Pola súa banda, o Capítulo VII regula a modificación, suspensión e extinción, e subdivídese nas seguintes Seccións: Primeira: da modificación; Segunda: Da suspensión; Terceira: da extinción; Cuarta: procedemento común de modificación, suspensión, reanudación e extinción da prestación.

O Capítulo Oitavo regula a impugnación e o Capítulo Noveno recolle ós órganos de control e seguimento.

O Título II compónse de catro Capítulos: Capítulo Primeiro: Disposicións Xerais; Capítulo Segundo: Dos requisitos; Capítulo terceiro: Da contía; e Cuarto:

Da tramitación.

Nas Disposición Adicionais establécese que a contía do complemento variable da prestación económica da renda de integración social de Galicia establecera-se para cada exercicio na correspondente Lei de Presupostos da Comunidade Autónoma e na Segunda apróbanse ós modelos que figuran como anexo do decreto.

A Disposición Derogatoria deixa sen efecto o Decreto 374/1991, do 24 de outubro, e o Decreto 375/1991, do 24 de outubro.

3.- OBSERVACIÓNS XERAIS

O CES considera que dado que a maior parte do contido deste Proxecto de Decreto é a reprodución do texto articulado da Lei 1/99, de 5 de febreiro, pola que se modifica a Lei 9/91, do 2 de outubro, de medidas básicas para a inserción social, as observacións particulares deste Dictame non contempla o dito articulado, que xa foi obxecto de dictame polo CES (Dictame 2/97 aprobado polo Pleno do Consello na súa sesión de 24 de abril de 1997).

4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES

1.-Artigo 2 .- apartado a) punto 3: O CES considera que a Xunta de Galicia debe ser un ente activo ós fins de favorece-la reciprocidade. Deste xeito, o parágrafo 1 a) punto 3 quedaría redactado como sigue:

“Aquelas persoas que, porcedentes doutras Comunidades Autónomas do Estado español, sexan beneficiarias do salario social na Comunidade Autónoma da que proceden, sempre que na lexislación desa Comunidade se recolla a reciprocidade. A Xunta de Galicia deberá ser ente activo para formaliza-los convenios coas distintas Comunidades Autónomas que garantan o dito principio”.

2.--Artigo 8.- O CES considera que na redacción do artigo 8 debe quedar claro de que se trata de abri-la posibilidade de concede-lo complemento de inserción a aqueles colectivo que non son perceptores de renda de integración social de

Galicia. Asimesmo considera que o estímulo de inserción recollido na letra c) do parágrafo 1 debe ser o 25% do subsidio básico.

A redacción quedaría como sigue:

2.1.- **Artigo 8 .- apartado 1 c):** “Estímulo de inserción do vintecinco por cento do subsidio básico”.

2.2.- **Artigo 8 .- apartado 3:** “Poderá beneficiarse deste complemento toda persoa que, estea incorporada a un proxecto de inserción”.

3.- **Artigo 10 .- punto 2, apartado 2:** O CES considera que no parágrafo segundo, punto segundo do artigo 10, debe concretarse que a esixencia de reintegro debe facerse de acordo coa situación socioeconómica do afectado.

A redacción quedaría como sigue:

*“O beneficiario terá dereiro a percibi-la prestación consonte coas normas sinaladas no apartado primeiro deste artigo, referindo a data da concesión ó momento no que expire o prazo para dicta-la resolución. Neste suposto ó resolve-la solicitude procederase á regularización da prestación económica ou, se fose denegatoria, á esixencia do seu reintegro, **de acordo coa situación socioeconómica ós efectos de determina-los prazos nos que se debe efectua-lo dito reitegro**”.*

4.- **Artigo 13 .-Parágrafo 1:** O CES considera que o parágrafo primeiro do artigo 13 debe ser reprodución literal do mesmo parágrafo do artigo 17 da Lei 9/91, de medidas básicas para a inserción social. Asimesmo débese suprimir o parágrafo 3º que pasará a ser o parágrafo 4º do punto 14, como se verá no punto seguinte.

A redacción quedaría como sigue:

“O proxecto de inserción será elaborado partindo das necesidades e características de cada caso, de tal xeito que procure a autonomía persoal, familiar e económica do beneficiario e acade a súa integración social e/ou laboral”.

5.- **Artigo 14 .- Parágrafo 4º:** O CES considera que xa que o artigo 14 do proxecto é literal ó artigo 18 da dita Lei 9/91, debería incorporárselle o parágrafo 4º deste artigo que no proxecto figura como parágrafo 3º do artigo 13.

A redacción quedaría como sigue:

“En calquer caso, o Proxecto de inserción diseñárase con criterios rigorosos de programación, con determinación de obxectivos, prazos, medios e actividades que permitan a posterior avaliación ós efectos reais da aplicación da renda de integración social de Galicia en cada caso.”

6.- **Sección Terceira:** En relación á sección terceira, do capítulo 3º do Proxecto, *Do Fomento da Integración Laboral*, o CES considera que se recolla na mesma o pactado nos “Acordos sobre medidas para o crecemento e o emprego en Galicia: Desenvolvemento do anexo relativo ós sectores productivos e o emprego nos servizos públicos: fomento do emprego nos servizos sociais”: *Desenvolver un plan integral de medidas de emprego para paliar e reducir a marxinación social (na loita contra a pobreza e a exclusión social), no que, sen esquecer a necesaria dimensión social e asistencial, se intensifica a labor de inserción social, reforzando a coordinación entre a xestión do RISGA e outros programas de prevención e inserción social e as medidas activas de emprego.*

Partindo de que a integración laboral constitúe o medio máis eficaz para o desenvolvemento persoal e a inserción social para as persoas en perigo de exclusión social estableceranse incentivos á contratación específicos para este colectivo, e daráselles preferencia para o acceso as accións de formación e orientación e os programas mixtos de formación e emprego.

(...)

As medidas activas de emprego específicas dirixidas ós ditos colectivos, vertebraranse nos seguintes tipos de accións:

a) Fomento do emprego en empresas ordinarias mantendo alomenos os seguintes incentivos:

- Incentivos de ata 750.000 ptas., ás empresas ordinarias que contraten por tempo indefinido e a xornada completa a desempregados pertencentes a colectivos en perigo de exclusión social.

- Incentivos de ata 300.000 ptas., ás empresas ordinarias pola contratación temporal de desempregados pertencentes ós ditos colectivos.

O desenvolvemento do dito acordo considérase que afecta á materia de política laboral e polo tanto, o CES considera que o resto da sección debería tramitarse por Orde da Consellería competente que deberá ser dictaminado polo Consello Galego de Relacións Laborais.

7.- **Sección Cuarta:** En relación á sección cuarta, do capítulo 3º do Proxecto, *Do Emprego social protexido*, O CES considera que dado que do artigo 32 ó 37 é reprodución do artigo 20 da Lei 1/99, pola que se modifica a Lei 9/91, deberá manterse a redacción do dito artigo 20. Co que a redacción quedaría como sigue:

“1. Co fin de impulsar medidas de apoio ó emprego social protexido ou emprego suplementario, a Xunta de Galicia, regulamentariamente, establecerá os termos e as condicións polas que se rexerán as axudas e subvencións ás entidades públicas ou privadas que creen postos de traballo e empregos non produtivos para actuacións de interese social, cultural ou ecolóxico.

2. En todo caso preveeranse os seguintes extremos:

a) a remuneración salarial e as demais condicións de traballo axustaranse a lexislación laboral vixente, constituíndose as entidades subvencionadas en empresarios respecto dos traballadores contratados o abeiro destas medidas.

b) Os contratos deberán ser de xornada completa, terán unha duración mínima de seis meses e non deberán supoñer unha redución do cadro de persoal habitual na entidade contratante.

c) Os beneficiarios contratados consonte esta medida causarán baixa como perceptores da prestación económica da RISGA.

3. Cando as entidades subvencionadas sexan corporacións locais deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) ter implantados servizos sociais comunitarios ou ter suscrito concerto para a súa implantación.

b) cumpri-las disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo

c) achegar un responsable da dirección das tarefas así como dos recursos materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4. Cando as actividades que se van a subvencionar sexan de iniciativa social deberán cumprir os seguintes requisitos:

a) estar inscritas no rexistro de asociacións e outras entidades de iniciativa social da Xunta de Galicia.

b) cumpri-las disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e de seguridade e saúde no traballo

c) achegar un responsable da dirección das tarefas así como dos recursos

materiais necesarios para o desenvolvemento das actividades.

O desenvolvemento do dito acordo considérase que afecta á materia de política laboral e polo tanto, o CES considera que o resto da sección (do artigo 38 ó 44 do Proxecto) debería tramitarse por Orde da Consellería competente que deberá ser dictaminado polo Consello Galego de Relacións Laborais.

8.- **Artigo 58:** O CES considera que a causa de extinción á que se refier a letra g) do artigo 58 “trascuro de catro anos consecutivos da súa percepción” non debería aplicarse taxativamente sin un previo informe de avaliación, de que non concurren as circunstancias excepcionais ás que se refire o parágrafo 3º do dito artigo.

Asimesmo o CES consiera que a redacción do parágrafo 4º do dito artigo deberá ser análoga á proposta neste Dictame para o artigo 10, punto 2, apartado 2, en relación á esixencia de reintegro.

A redacción quedaría como sigue:

8.1.- **Artigo 58 .- g):** “ O transcurso de catro anos consecutivos na súa percepción, *previo ó informe ó que se refire o parágrafo 3º deste artigo.*”

8.2.- **Artigo 58 .-Parágrafo 4º:** “As cantidades que, se é o caso, percíbisen indebidamente os beneficiarios deberán ser reintegradas, *de acordo coa situación socioeconómica ós efectos de determina-los prazos nos que se debe efectua-lo dito reintegro,* ou, se é o caso, poderán ser compensadas con cargo a futuros dereitos á renda de integración social que lles puidesen ser recoñecidos”.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 1999

5.- VOTO PARTICULAR:

Voto particular presentado pola Confederación Intersindical Galega (CIG) á Proposta de Dictame do Proxecto do Decreto polo que se desenvolve no relati-

vo á Renda de Integración Social de Galiza e ás axudas para situacións de emerxencia social a Lei 9/1991, parcialmente modificada pola Lei 1/1999.

A Confederación Intersindical Galega (CIG) considera que a Xunta de Galicia debería unifica-las súas políticas activas de emprego, evitando a dispersión das mesmas en distintas consellerías.

Para conseguir dito obxectivo, as partidas presupostarias previstas para financia-la Sección Terceira do Capítulo III (Fomento da integración laboral) do Proxecto do Decreto polo que se desenvolve no relativo á Renda de Integración Social de Galiciaa e ás axudas para situacións de emerxencia social a Lei 9/1991, parcialmente modificada pola Lei 1/1999, deberían ser transferidas á Consellería de Familia e Promoción do emprego, Muller e Xuventude, como organismo competente en materia de políticas activas de emprego.

Polo tanto, proponse substituí-lo punto 6 das observacións particulares polo seguinte texto:

“En relación á sección terceira, do capítulo III do Proxecto, de Fomento da Integración Laboral, o CES considera que se debe eliminar na súa totalidade, dado que xa existe unha liña de subvención específica para estes traballadores/as da Consellería de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude (DOG 31/3/1999).”

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 1999

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 1999

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun